

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

RESOLUCIÓN do 14 de xuño de 2017, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se fai pública a concesión dos premios do Certame Cooperativismo no Ensino 2017, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia.

Pola Orde do 23 de xaneiro de 2017 (DOG nº 25, do 6 de febreiro), da Consellería de Economía, Emprego e Industria, establecéronse as bases reguladoras do Certame Cooperativismo no Ensino, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2017.

Nas bases reguladoras establécese que os traballos participantes neste concurso serán avaliados por un tribunal e que a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego resolverá a concesión dos premios, que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez aprobadas as propostas de concesión dos premios polos tribunais encargados de avaliar os traballos presentados, nas súas reunións do 23 de maio de 2017, e sen que fosen formuladas reclamacións, por resolución da Secretaría Xeral de Emprego do trece de xuño de 2017 aprobouse a concesión dos premios.

Por todo o anterior,

DISPOÑO:

Facer pública a concesión dos premios do Certame Cooperativismo no Ensino 2017 dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e que se relacionan no anexo que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2017

Covadonga Toca Carús
Secretaria xeral de Emprego

ANEXO

Certame Cooperativismo no Ensino 2017.

Modalidade de actividades artísticas dirixida ao alumnado de educación infantil, primaria e educación especial por categorías:



Categoría A: alumnos/as de 2º ciclo de educación infantil.

Premio ao mellor traballo: «O cooperativismo: un novo super poder» do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: «Encaixamos» do CEIP San Miguel de Reinante.

Categoría B: alumnos/as de 1º e 2º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: «Cooperativa» do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: «O pentágono das terras raras» do CEIP Sestelo Baión.

Categoría C: alumnos/as de 3º e 4º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: «Coope-Folk» do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: «En busca do tesouro» do CEIP San Miguel de Reinante.

Categoría D: alumnos/as de 5º e 6º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: «Non pases palabra, coopera» do CEIP San Miguel de Reinante.

Accésit: «Luces, cámara, cooperación» do CEIP Plurilingüe Domaio.

Modalidade de actividades cooperativizadas dirixida ao alumnado de primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria e educación especial, por categorías:

Categoría E: alumnos/as do 1º ciclo da ESO.

Premio ao mellor traballo: «Xogando a crear futuro» do IES Sanxenxo.

Accésit: «Programa Bubisher» do IES Monte Neme.

Categoría F: alumnos/as do 2º ciclo da ESO.

Premio ao mellor traballo: «Proem cooperativa educativa» do CPI Monte Caxado.

Accésit: «Elaboración dun mapa dixital de accesibilidade en cadeira de rodas a establecementos da contorna empregando as novas tecnoloxías virtuais» do IES Pino Manso.

Modalidade de proxectos empresariais cooperativos dirixida ao alumnado e ao profesorado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo: «Eficonter, Sociedade Cooperativa Galega Xuvenil» presentado polo alumnado do CIFP Someso.

Accésit compartido ao proxecto empresarial finalista: «Identik3D, Sociedade Cooperativa Galega» presentado polo alumnado do IES Imaxe e Son, e «Piscinatura, Sociedade Cooperativa Galega Xuvenil» presentado polo alumnado do CIFP Someso.

